

Na lagoa viven moitos pequenos animais que cumpren un importante papel ecolóxico

A lagoa acolle un número importante de pequenos animais que cumpren unha función importante xa que son parte das relacións alimentarias deste espazo e axudan a manter o seu equilibrio ecolóxico. Moitos deles contribúen á expansión de sementes e por tanto á rexeneración dos bosques; outros controlan as pragas..., e a súa presenza é un bo indicador da boa saúde das súas augas.




As libeliñas e os cabaliños do demo viven na auga e no ceo

Alguns insectos acuáticos como as **libeliñas** e os **cabaliños do demo** teñen unha dobre vida.

A primeira parte do seu ciclo vital pásana como larvas baixo a auga e pode durar preto dos catro anos; despois mudan e transfórmanse en adultos.


É nesta fase, que apenas dura uns meses, cando se reproducen e resulta doado ver as femias depositar os ovos sobre as herbas da lagoa.



Os anfibios encóntanse moi ameazados no planeta

Como consecuencia dos problemas ambientais e debido á súa elevada sensibilidade, os anfibios son un dos grupos de animais máis ameazados da Terra, algo que tamén ocorre en Galicia a pesar de ser un país cunha gran rede de ríos e regatos.

Na lagoa podemos aínda gozar da presenza de varios anfibios como a **ra verde** que gusta das correntes lentas. Os machos cantan mentres nadan na auga e no verán constitúen o son do río e a alegría para moitos animais que se alimentan delas: por iso teñen que poñer tantos ovos..., milleiros. Curiosamente un dos topónimos da contorna da lagoa é «Cantalarrana», en clara referencia ao concerto que interpretan estes coñecidos anfibios nos meses da primavera e principios do verán.



Os medios acuáticos acollen miles de formas de vida, moitas delas moi pequenas, pero vitais e insubstituíbles. A túa colaboración é moi importante para conservalas: non captures animais salvaxes e non liberes animais exóticos.